



INFORME - PROPOSTA

ASUNTO: Dación de conta ao Pleno de información económica do Concello de Viveiro a 30 de xuño de 2023 e avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2023 e previsións a 31 de decembro de 2023

I INFORMACIÓN ECONÓMICA

Conforme ao establecido no artigo 207 do R.d.I. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nas regras 52 e 53 da Orden FAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local e a base 33 das de execución do orzamento, dáse conta ao Pleno da información da execución do orzamento e da situación da tesourería a 30 de xuño de 2023, co seguinte detalle:

1. Execución do orzamento de ingresos correntes:

- Previsións iniciais	13.130.482,85
- Modificacións	1.467.074,10
- Previsións definitivas	14.597.556,95
- Dereitos recoñecidos netos.....	8.572.927,96
- Recadación neta	4.500.581,54
- % de dereitos rcdos netos sobre previsións definitivas ...	58,73 %
- % de recadación neta sobre dereitos rcdos netos.....	52,50 %

2. Execución do orzamento de gastos correntes e das súas modificacións:

-Créditos iniciais	13.130.482,85
-Modificacións orzamentaria.....	1.467.074,10
-Créditos definitivos	14.597.556,95
-Obrigas recoñecidas netas	6.926.065,24
-Pagos orzamentarios realizados.....	6.489.877,59
-% obrigas recoñecidas sobre créditos definitivos	47,45%
-% de pagos realizados sobre obrigas recdas netas.....	93,70%

3. Movements e situación da Tesourería:





-Existencia en Tesourería a 01-01-23	186.859,62
-Cobros orzamentarios	5.938.266,44
-Pagos orzamentarios.....	7.687.920,19
-Cobros por reintegro de pagos.....	17.048,54
-Cobros non orzamentarios.....	8.786.064,95
-Cobros pdtes de aplicación definitiva.....	474.064,39
-Pagos por devolución de ingresos.....	318.141,65
-Pagos non orzamentarios	7.250.844,62
-Pagos pdtes de aplicación definitiva.....	0,00
-Existencia en tesourería a 30-06-23	145.397,48

II INFORME DE AVALIACIÓN

Informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2023 e previsións a 31 de decembro de 2023.

En cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro (en adiante Orden), pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE), emítese o presente informe de avaliación do cumprimento de obxectivos da LOE para o segundo trimestre de 2023, do Concello de Viveiro.

O Consello de Ministros de 6/10/2020 e o Congreso dos Deputados de 20/10/2020, aprobaron e ratificaron respectivamente, a suspensión das tres regras fiscais de estabilidade, endebedamento e regra de gasto, para os anos 2020-2021, debido as excepcionais circunstancias da situación de emerxencia que permiten adoptar a medida excepcional do artigo 135.4 da CE e artigo 11.3 da LOE. Posteriormente prorrogouse dita suspensión a 2022. O Consello de Ministros de 26/07/2022 e o Congreso dos Deputados de 22/09/2022, aprobaron e ratificaron respectivamente, a suspensión das tres regras fiscais de estabilidade, endebedamento e regra de gasto, para o ano 2023, debido as excepcionais circunstancias da situación de emerxencia polas consecuencias do estalido da guerra en Ucraína e dunha crise enerxética sen precedentes que se está a sufrir, que permiten continuar coa medida excepcional de suspensión do artigo 135.4 da CE e artigo 11.3 da LOE.

Os obxectivos de estabilidade e de débeda pública, e regra de gasto aprobados polo Goberno son inaplicables ao aprobar este a súa suspensión, en todo caso, débese subministrar a información.

Segundo nota do Ministerio de Facenda, aínda coa dita suspensión, seguen a estar vixentes os Plans de Axuste, ase como o seu seguimento. A suspensión non afecta aos prazos para atender a débeda comercial que están fixados na





Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

A análise refírese ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

- Estabilidade orzamentaria na previsión a 31 de decembro de 2023.
- Regra de gasto, estimada a 31 de decembro de 2023.
- Débeda pública a 30 de xuño de 2023.
- Período medio de pago no 2º trimestre de 2023.

O contido da información subministrada en resumo é a seguinte:

1. Comunicación trimestral dos datos individualizados por Entidades.

Datos orzamentarios:

- Resumen clasif. Económica.
- Desglose ingresos correntes.
- Desglose Ingresos de capital e financeiros.
- Desglose gastos correntes.
- Desglose de operacións de capital e financeiras.
- Remanente de tesourería.
- Calendario e orzamento de Tesourería
- Dotación de plantillas e retribucións
- Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre.
- Perfil de vencemento da débeda nos próximos 10 anos.

Anexos información:

- Axustes informe de avaliación para relacionar ingresos/gastos con normas SEC.
- A.1. Xuros e rendementos devengados no exercicio (gastos)
- A.5. Fluxos internos.
- B.5. Movementos conta “acredores por operacións devengadas”
- B.9. Movementos da conta “Acredores por devolución de ingresos”
- B.10. Xuros e rendementos devengados (ingresos)
- B.12. Detalle de gastos financiados con fondos da UE ou de outras AAPP
- Información relacionada cos mecanismos MRR e REACT-UE de la Unión Europea: varios
- Otros

2. Axustes ao Sistema de Contas Europeo aplicables ao Grupo de Entidades da Corporación.

- 2.1 Axustes por operacións internas entre entidades.

3. Informe de avaliación grupo Administracións Públicas.

- 3.0. Datos xerais do informe de avaliación.





- 3.1. Resumo análise estabilidade orzamentaria
- 3.2. Informe do nivel de débeda viva ó final do período actualizado

Con data 27 de xullo de 2023 cumpriuse coa obriga de comunicación da información do segundo trimestre de 2023 contemplada na Orden, a través da plataforma web habilitada ao efecto polo Ministerio de Facenda dentro do prazo establecido polo propio Ministerio.

I) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

As hipóteses de execución para a estimación da liquidación a 31 de decembro de 2023 son as seguintes:

En gastos:

Cargas financeiras: 100% das estimacións definitivas ao final do exercicio 2023 no capítulo 3 e 9.

Resto de aplicacións: 100% das estimacións definitivas no primeiro trimestre ao final do exercicio 2023 actualizadas.

En ingresos: As previsións iniciais actualizadas do borrador do orzamento xeral para o exercicio 2023.

A) PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO

A diferenza entre as previsións a liquidar nos capítulos 1 ao 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 ao 7 do estado de gastos, sen realizar axustes, é de 1.034.285,63 €.

Antes de axustes	Orzamento ingresos	Orzamento gastos
Capítulo 1	4.924.554,45	6.450.504,32
Capítulo 2	130.000,00	5.624.367,07
Capítulo 3	2.465.398,03	62.226,00
Capítulo 4	5.903.589,17	145.067,73
Capítulo 5	38.366,89	0,00
Capítulo 6	18.774,00	543.251,00
Capítulo 7	400.868,00	21.848,79
Total Cap. 1 a 7	13.881.550,54	12.847.264,91





Antes de axustes	Orzamento ingresos	Orzamento gastos
Capac(+)/Necesidade (-)	1.034.285,63	

B) AXUSTES SEC:

Para axustar os importes da estimación da liquidación anterior á contabilidade nacional mantéñense os axustes realizados na aprobación da liquidación do orzamento 2022 agás aqueles que xa coñecemos certamente :

B .1) INGRESOS

Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

Aplicase o criterio de caixa, ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo.

Axuste por recadación ingresos do capítulo 1	30.762,21
Axuste por recadación ingresos do capítulo 2	0,00
Axuste por recadación ingresos do capítulo 3	-136.965,65
Total axuste	-106.203,44

Capítulos 4 e 7 do Estado de Ingresos.

En contabilidade nacional, e de acordo cos criterios de xerarquía de fontes, deben respectarse, con carácter xeral, os criterios de contabilización aos que está suxeito o ente pagador da transferencia. Deste xeito, realizarase un axuste positivo se as obrigas recoñecidas na unidade pagadora son maiores que os dereitos liquidados na perceptora, e polo contrario se realizará un axuste negativo se as obrigas recoñecidas na unidade pagadora son menores que os dereitos liquidados na perceptora. Tales axustes implican obter información sobre os importes contabilizados como transferencias dadas polos suxeitos que as conceden. Estes datos non están dispoñibles ata que non se liquida o orzamento e aínda nese caso resulta difícil obtelos xa que as administracións públicas concedentes rara vez comunican o estado orzamentario (fase contable) das transferencias que conceden antes do seu pagamento, momento no cal se recoñece o dereito polo Concello e por tanto non resulta necesario efectuar axustes.

Tratamento das liquidacións definitivas da PTE



A liquidación de Participación nos Tributos do Estado de 2020 cuantificada en 2022 foi negativa por importe de 612.531,76 €, reintegrando o importe de 76.283,64 € en 2022 e 308.799,55 € en 2023, polo que procede en este exercicio un axuste positivo pola cantidade reintegrada como gasto de 308.799,55 €.

AXUSTE: Operacións entre Entes do grupo ou con outras administracións

Dentro das operacións realizadas polas Corporacións Locais destacan as transferencias de recursos entre as distintas unidades públicas que forman parte do devandito subsector e destas a outras entidades incluídas no resto dos subsectores das Administracións públicas. A información en contabilidade nacional, debe presentarse consolidada do conxunto de transferencias dadas e recibidas en dous niveis diferentes.

1. En primeiro lugar, a nivel de cada Corporación Local, deben eliminarse as transferencias dadas e recibidas entre as unidades dependentes desta, que para os efectos da contabilidade nacional, se consideran Administracións públicas. O Concello de Viveiro non se atopa neste suposto.

2. En segundo lugar, deben eliminarse as transferencias dadas e recibidas entre as unidades que integran a Corporación Local, para os efectos de contabilidade nacional, co resto de unidades pertencentes ao sector Administracións públicas. É o que ven denominándose nos últimos formularios habilitados pola Subdirección Xeral como “Conciliación de Transferencias con outras Administracións Públicas”.

En contabilidade nacional e de acordo ao principio de xerarquía de fontes, deben respectarse, con carácter xeral, os criterios de contabilización aos que está suxeito o pagador da transferencia. Polo tanto, unha vez fixado o momento en que se rexistra o gasto polo pagador, o perceptor da transferencia debe contabilizala simultaneamente e polo mesmo importe que figure nas contas daquel.

Polo tanto o único axuste por estes ingresos é o derivado de eventuais diferenzas no momento de imputación das contías. O Concello contabilizou, atendendo o criterio do ente pagador, polo que non procede axuste.

Capítulo 5 de Ingresos.

Os xuros rexístranse segundo o criterio de devengo. Por tanto, deberíase minorar a parte de xuros que cobrándose no ano 2023 se devengaron no 2022 e deberíanse engadir os xuros que se cobrarán no ano 2024 pero que se devengan no 2023. Non se considera necesario realizar estes, dado que en primeiro lugar e ao igual que nos casos anteriores, estamos ante previsións de ingreso e non de dereitos liquidados como sucede no caso da liquidación





dos orzamentos. En segundo lugar, os axustes dependerán en gran medida dos saldos bancarios e a evolución dos xuros e para ambos condicionantes non se estima que vaian producirse grandes desviacións polo que os axustes positivos e negativos compensaríanse entre si, sendo a diferenza a axustar neta máis ben residual que financeiramente significativa.

AXUSTE: Devolucións de ingreso pendentes de aplicar ao presuposto:

Dacordo coa vixente Instrución de contabilidade, as operacións de devolución de ingresos aprobadas non se reflexan no Presuposto en tanto en canto non se fan efectivas, razón pola que procede axustar os dereitos recoñecidos polo importe dos acredores por devolución de ingresos, e utilizando o axuste realizado na liquidación do orzamento 2022 como estimación:

Devolución de ingresos indebidos	(-) 0,00
---	-----------------

B.2) GASTOS:

Capítulo 3.

Do mesmo xeito que nos ingresos, rexe o principio de devengo, polo tanto, deberíamos minorar a parte dos xuros que, pagándose no ano 2023, foron devengados no 2022 e deberíamos engadir os xuros que se pagarán no ano 2024, pero que se devengan no ano 2023. Non se realizan axustes polo mesmo motivo que no caso do capítulo 5 de ingresos, en aplicación do principio de importancia relativa.

C) OUTROS AXUSTES

Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar o presuposto.

Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local: A conta 413 "Acredores por operacións devengadas" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non ditándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, deriváanse de bens e servizos efectivamente recibidos. Ante a dificultade de prever o saldo dos gastos pendentes de aplicar a 31 de decembro de 2023 e dado que o saldo final a 31/12/2022 foi 28.774,03 €, non se realiza axuste.





Ejecuciones trimestrales de las Entidades Locales. Trimestre 2- Ejercicio 2023

Entidad Local:

v.1.1-10.34.251.174

Identificador	Concepto: Estimación del Resultado operaciones no financieras del ejercicio (Cap 1 a 7 de Ingresos - Cap 1 a 7 de Gastos) a final del ejercicio	Importe Ajuste aplicado al saldo presupuestario inicial 2023 (+/-)	Estimación de los ajustes a aplicar a los importes de ingresos y gastos a final del ejercicio.	Observaciones
GR000	Ajuste por recaudacion ingresos Capitulo 1	134.568,04	30.762,21	
GR000b	Ajuste por recaudacion ingresos Capitulo 2	0,00	0,00	
GR000c	Ajuste por recaudacion ingresos Capitulo 3	-350.128,64	-136.965,65	
GR001	(+)Ajuste por liquidacion PTE - 2008	0,00	0,00	
GR002	(+)Ajuste por liquidacion PTE - 2009	0,00	0,00	
GR002b	(+/-) Ajuste por liquidación PTE de ejercicios distintos a 2008 y 2009	0,00	308.799,55	
GR006	Intereses	0,00	0,00	
GR006b	Diferencias de cambio	0,00	0,00	
GR015	(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto	0,00	0,00	
GR009	Inversiones realizadas por Cuenta de la Corporación Local (2)	0,00	0,00	
GR004	Ingresos por Ventas de Acciones (privatizaciones)	0,00	0,00	
GR003	Dividendos y Participacion en beneficios	0,00	0,00	
GR016	Ingresos obtenidos del presupuesto de la Union Europea	0,00	0,00	
GR017	Operaciones de permuta financiera (SWAPS)	0,00	0,00	
GR018	Operaciones de reintegro y ejecucion de avales	0,00	0,00	
GR012	Aportaciones de Capital	0,00	0,00	
GR013	Asunción y cancelacion de deudas	0,00	0,00	
GR014	Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar a presupuesto	0,00	0,00	
GR008	Adquisiciones con pago aplazado	0,00	0,00	
GR008a	Arrendamiento financiero	0,00	0,00	
GR008b	Contratos de asociacion publico privada (APPs)	0,00	0,00	
GR010	Inversiones realizadas por la corporación local por cuenta de otra Administracion Publica (3)	0,00	0,00	
GR019	Prestamos	0,00	0,00	
GR020	Devoluciones de ingresos pendientes de aplicar a presupuesto	0,00	0,00	
GR021	Consolidación de transferencias Con otras Administraciones Públicas	0,00	0,00	
GR99	Otros (1)	0,00	0,00	
	Total de ajustes a Presupuesto de la Entidad	-429.026,59	202.596,11	





En conclusión, a entidade cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ó ter unha capacidade de financiamento 1.236.881,74 €, e prevé cumprir a regra de gasto na estimación da liquidación a 31 de decembro de 2023.

II) DÉBEDA PÚBLICA

A 30 de xuño de 2023 o Concello de Viveiro presenta a efectos do Protocolo de déficit excesivo (PDE) a seguinte débeda pública:

NIVEL DE DEBEDA PUBLICA	Euros
1) Débeda viva L/P a 30.06.2023	7.941.051,52
2) Pagos aprazados por oper. con terceiros	0,00
3) Operacións de tesourería a 30.06.2023	1.943.282,11
4) Débeda viva PDE a 30.06.2023	9.884.333,63

III) PERÍODO MEDIO DE PAGO

O período medio de pago do Concello de Viveiro do segundo trimestre de 2023 é de 19,94 días, calculado segundo a metodoloxía do RD 635/2014, de 25 de xullo, e de 28,98 días, calculado segundo a normativa de morosidade.

Viveiro, asinado dixitalmente á marxe

A interventora

Rosa Abelleira Fernández

